

Similitudes en *La Ciociara*, de A. Moravia

María Montes

Neste traballo preténdese retomar o tema da similitude, desenvolvido a propósito de *La disubbidienza*¹, para verificar cómo e en qué medida Moravia en *La ciociara*, utiliza comparacións completamente novas ou outras xa empregadas con anterioridade.

La Ciociara publícase no 1957, pero estaba «già in gestazione al tempo de *La romana*, anzi appena poco prima, nel 1946. Venne interrotto dopo ottanta pagine e ripreso quasi dieci anni dopo»².

La ciociara é unha novela que ten como tema a guerra. Aínda que os personaxes e situacións son inventados, baséase nunha súa experiencia persoal: cando en compañía da súa dona, a tamén escritora Elsa Morante, ten que fuxir ás montañas de Fondi, durante os nove meses da ocupación alemá de Roma dende setembro de 1943 ata xuño de 1944. Na segunda parte da novela desenvólvense os motivos ideolóxicos que Moravia tratou de representar no mundo popular e proletario do período «romano».

«Con *La ciociara* -afirma o escritor romano- senza rendermene conto, diedi un addio definitivo al mito nazionalpopolare che mi aveva fatto scrivere *La romana e I racconti romani*»³.

A comparación

A lingua moraviana é precisa e clara para a comunicación. A este respecto o propio escritor romano afirma:

Ho una cultura letteraria, conosco i classici italiani, parlo cercando di essere espressivo e preciso. Torno a dirlo: il mio ideale è salvare tutte le complicazioni

1. Véxase o noso artigo «A comparación en *La disubbidienza* de Moravia», en *Boletín Galego de Literatura*, 10, 1993, pp. 15-23.

2. Cf. R. Tessari, *Alberto Moravia*, Firenze: Le Monnier, 1985, p. 78.

3. Cf. A. Moravia-A. Elkann, *Vita di Moravia*, Milano: Bompiani, 1990, p. 193.

della realtà, recuperandole nella rappresentazione intere e con la maggiore chiarezza possibile. Metafora: un orologio che invece della cassa d'acciaio ha un vetro e si vedono tutti i meccanismi in movimento. Questo è il mio ideale⁴.

A través desta figura retórica chégase a perfilar e facer máis patente o que o escritor pretende comunicar ó lector.

Sobre a importancia desta modalidade lingüística escribe Beinhauer:

Uno de los medios expresivos más bellos y populares para realizar lingüísticamente la característica atribuída a un ser es compararlo con un objeto o con una persona que la fantasía del hablante considera como exponente de la aludida cualidad⁵.

Nós imos falar de comparación cando se establece unha relación entre dous ou máis termos en virtude dunha analogía entre eles. Neste senso subscribimos as palabras de Dardano, cando di que na comparación hai sempre un parangón con outro concepto máis coñecido para facer máis claro dito concepto⁶.

No presente traballo ímonos ocupar das similitudes nas que os elementos *come*, *simile*, *quale*, etc., constitúen a unión entre as dúas ideas relacionadas, xa que é o campo máis abundante en *La ciociara*. Non estableceremos diferenza entre o símil-comparación abreviada-e a similitude-símil particularizado. O lado destes recursos morfosintácticos analizaremos a comparación obtida por procedementos de tipo semántico. Moravia sérvese dos verbos *parere* e *rassomigliare* para sinalar a comparación por medios léxicos e non morfolóxicos. Este procedemento, como teremos ocasión de comprobar, é o menos utilizado na obra estudiada.

Imos establecer tres grandes grupos de comparacións segundo o corpus empregado no noso traballo⁷:

- a) Comparacións con seres humanos
- b) Comparacións con animais
- c) Comparacións con cousas.

Comparacións con seres humanos

As comparacións con seres humanos constitúen un grupo numeroso en Moravia. Dentro deste apartado faremos referencia a aquelas comparacións que se refiren

4. Cf. *Ibidem*, p. 104.

5. Recollo a cita de L. A. Hernando Cuadrado, *El español coloquial en «El Jarama»*, Madrid: Playor, 1988, p. 67.

6. V. M. Dardano, *Nuovissimo Dizionario della Lingua Italiana*, Roma: Armando Curcio Editore, 1986, vol. II, p. 1946.

7. Imos seguir a distribución que fixo Isabel González nos artigos: «La comparación en el infierno dantesco», en *Homenaje al Profesor Luis Rubio*, Murcia: Universidad de Murcia, 1987-88-89, Vol. IV, pp. 461-99 e «La comparazione nel paradiso dantesco», *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 319-49.

dalgunha maneira ás diversas situacións extraídas do comportamento do ser humano. En primeiro lugar imos destacar unha comparación moi clara na que se parangona a actitude de Rosetta -a filla da protagonista- co comportamento dunha prostituta.

Nunha igrexa abandonada, diante do altar e dunha imaxe da Virxe, Cesira e maila filla Rosetta son violadas. A nai observa o cambio da súa filla logo desta traumática experiencia:

Nella sua dolente rassegnazione, nell'impotenza della sua sorte, «la ciociarà» guarda la figlia cambiare sotto i suoi occhi e darsi agli uomini con amara determinazione, come se nel rapporto fisico cercasse una vita che, per essere completa, deve essere riconquistata con la cancellazione di ogni residuo d'innocenza⁸.

Vexamos dous exemplos⁹:

Non vuoi rispondere perché ti sei comportata come una mignotta e adesso sei la puttana di Clorindo e tu non vuoi dir nulla perché te ne fregghi di tua madre (p. 381).

E lei è andata via con Clorindo, come una mignotta qualsiasi che si dà al primo uomo che le mette le mani addosso (p. 378).

Igualmente, no seguinte exemplo atopamos as consecuencias da guerra. A guerra e maila ocupación alemá obrigan ás dúas mulleres a fuxir cara ás montañas da Ciociara, e ó mesmo tempo a tomar conciencia dunha realidade onde a xustiza e a inxustiza se confunden.

A este respecto é moi claro o seguinte exemplo no que Moravia toma unha similitude da psicoloxía do cazador. O escritor romano parangona o comportamento dun aviador que dispara a matar, do mesmo xeito ca un cazador, que dispara ás cegas, con tal de matar algo:

E soltanto perché c'era la guerra aveva tentato di ammazzarci, così tanto per sfizio, come un cacciatore che andando a spasso con il cane per la macchia, tira a caso dentro un albero pensando: 'Qualche cosa ammazzerò, forse pure un passero, (p. 76).

Tamén nos parecen moi significativas dúas comparacións cos xitanos:

Ma non ti fanno pena tutti questi poveretti che adesso sono restati senza casa e sono costretti a fuggire per la terra, nudi e crudi come zingarelli? (p. 191).

Nesta similitude Moravia reflecte as terribles consecuencias da guerra. O éxodo masivo da xente que por mor desta praga foxe coma xitanos.

8. Cf. G. C. Pandini, *Invito alla lettura di Moravia*, Milano: Mursia, 1973, pp. 103-4.

9. Citaremos pola edición de Bompiani do ano 1971. Os números entre paréntese refírense á citada edición.

Noutra ocasión tamén Moravia se serve dunha comparación co mesmo colectivo. E convén lembrar aquí, como xa se dixo, que o mesmo autor romano sufriu en propia carne esta experiencia. Vexamos o outro exemplo rexistrado:

E poi i figli miei questa vita non potevano più farla, sempre fuggendo, come zingarelli (p. 71).

Sempre con este afán de claridade que caracteriza ó escritor romano, sérvese agora de dúas comparacións moi precisas. A desorientación de dúas mulleres que foxen da guerra, soas e sen ninguén que as guíe, é parangonada coa actitude de dúas cegas que camiñan sen ver e sen saber onde se atopan:

Due donne sole al mondo, senza un uomo che le guidi e che le protegga, sono in certo senso come due cieche che camminano senza vederci e senza capire dove si trovano (p. 35).

Na segunda delas son os ollos dos cegos os que serven de termo de referencia. Terracina está desolada e as casas e as fiestras metraladas e negras coma os ollos dos cegos:

Ecco Terracina; e mi fece ancora più impressione di Fondi, una vera desolazione, con tutte le case scorticate dal fuoco delle mitragliatrici e butterate di buchi grandi e piccoli e le finestre nere come gli occhi dei ciechi (p. 403).

Con esta mesma cor describe Moravia a un grupo de fascistas ós que compara con demos do inferno:

Mentre aspettavamo, ecco tutto ad un tratto, con gran fracasso, proprio sotto la pensilina arrivare una decina di motociclisti, tutti vestiti di nero, come diavoli dell'inferno (p. 41).

As duras condicións na fronte vense reflectidas na seguinte similitude. Aquí Moravia compara o esforzo das persoas que traballaban nas fortificacións co traballo dos escravos, dada a súa dureza:

Un'altra volta passò un operaio italiano che era stato a lavorare nelle fortificazioni, al fronte, non ricordo dove; e che era scappato per via che non si mangiava niente e si era trattati da cani e si lavorava come schiavi. Non si reggeva in piedi (p. 209-210).

Comparacións con animais

É un grupo moi numeroso. En primeiro lugar faremos referencia ás comparacións con animais domésticos. Así, pois, Moravia compara o trato que recibe Rosetta do seu amante co trato dado ós cans:

E lui non la chiamava con la voce, ma con un fischio, come si fa coi cani; e a lei, a quanto pareva, piaceva di essere trattata come un cane (p. 383).

Moravia permanece no ámbito da observación animal, e o can aquí sérvelle para reflectir a falta de piedade nun asasinato:

Non avevano dimostrato alcuna pietà per Rosario ammazzato come un cane e poi abbandonato sulla strada maestra (p. 411).

Ademais a frecuente utilización do can como arquetipo de fidelidade, constante na literatura clásica¹⁰, encontra posto tamén en Moravia:

Era anche preoccupata per il suo gatto, un bel soriano che lei aveva trovato per strada ancora piccolino e se l'era tirato su a mollichelle e la notte dormiva con lei e di giorno la seguiva da una stanza all'altra come un cagnolino (p. 27).

Continuando coas comparacións ligadas ó mundo dos animais domésticos, mencionaremos unha de gran precisión, onde un dos personaxes da novela, dado o perigo existente, corre na escuridade como se fose capaz de ver coma os gatos. Este é un dos poucos exemplos de comparación tópica ou gastada¹¹ que atopamos en *La ciociara*:

Cosí seguimmo Donato che ci precedeva quasi correndo, come se vi avesse visto al buio come un gatto (p. 106).

Sen saír do ámbito doméstico, faremos mención dunha similitude moi conseguida onde a maneira de comer dunha persoa vén parangonada cos polos cando embuchan:

L'avvocato adesso pareva proprio spaventato e mangiava con uno sforzo che si vedeva, facendo con la gola un movimento ad ogni boccone, come i polli quando ingozzano in fretta (p. 242).

Ademais os animais non serven só para clarificar actitudes ou predisposicións humanas, senón tamén para poñer de manifesto sons e ruídos ós que este escritor metropolitano presta un oído finísimo.

Por exemplo, o ruído imperceptible e doméstico dunha familia, pouco antes de adormecer, recorda o ruído baixo e monótono dos polos no poleiro, axitados pouco antes de durmir:

Passammo sotto la finestra di Paride e io udii che Paride e i suoi non erano ancora addormentati, ma si muovevano e parlavano sommessamente, proprio come i polli nel pollaio che si agitano un poco prima di dormire (p. 115).

10. V. O. Guidi, «Metafore e similitudine ne «Le ambizioni sbagliate di Moravia», *Annali dell'Università per stranieri di Perugia*, 18, 1993, pp. 241-256.

11. V. S. Suárez Solís, *El léxico de Camilo José Cela*, Madrid: Alfaguara, 1969.

Continuando no ámbito dos animais domésticos, cómpre sinalar agora unha dobre comparación, onde se tratan de reflectir as precarias condicións nas que viven a protagonista e maila súa filla. Por mor da guerra, as dúas mulleres habitan nunha cabana dentro da cal levan unha vida de ovellas ou cabras:

Vedendo quella capanna, il cuore mi si strinse al pensiero che, d'ora in poi, Rosetta ed io avremmo dovuto cucinare, mangiare e anche vivere là dentro, proprio come due capre o due pecore (p. 102).

Os animais tamén veñen postos en escena para converter en grotesco e caricaturesco o aspecto humano. Vexamos un exemplo onde a faciana de Rosetta é parangonada cunha ovella:

Anche fisicamente, del resto, Rosetta non mi rassomigliava: aveva un viso come di pecorella (p. 19).

É nos cadros familiares sobre todo onde exercita o gusto polo grotesco, no momento en que entran en escena as persoas. É suficiente unha referencia á mona para subliñar unha actitude caricaturesca. A faciana dunha dona é posta en relación coa cara dunha mona atemorizada:

Alla tavola stavano già seduti la madre dell'avvocato, una signora anziana, piccola, vestita di nero, con la faccia grinzosa e apprensiva, come di scimmietta impaurita (p. 236).

Ás veces basta simplemente un verbo para transportarnos á vivacidade do mundo animal e para facernos coñecer a fondo a psicoloxía das persoas. Cesira percibe o cambio da súa filla que, despois da violación sufrida, non é a mesma Rosetta de antes, que cantaba coma un paxariño:

Non sei piú tu e non ci hai il sentimento di una volta che ti gonfiava il petto e ti faceva cantare come un uccellino (p. 404).

Dos animais non domésticos, o que maior número de veces rexistramos como termo de referencia é a serpe. Así, pois, para mellor definir a sinuosidade dun camiño, é introducida a imaxe de orixe bíblica da serpe, que coma o camiño é sinuosa:

Il sentiero sempre tenendosi sul crinale dei monti, andò avanti per un pezzo, girando come un serpente (p. 265).

Di che hai paura? Forse che le bombe girino per questo bosco come serpenti e alla fine si infilino nell'ingresso della grotta e ti vengano a cercare dentro il tuo letto? (p. 198).

A serpe, animal presente en tódalas civilizacións, principio vital por excelencia, «uno dei piú importanti archetipi dell'anima»¹², serve como termo de referencia á

hora de expresar a opinión sobre os nazis. A actitude destes é parangonada cunha serpe que, se se ten na casa, aínda que inofensiva, en calquera momento pode morder:

Io so che i tedeschi, o meglio i nazisti, un giorno o l'altro finiscono per mordere, come i serpenti (p. 90).

A rebelión de Michele, o protagonista masculino da novela, tamén é parangonada cunha serpe. Este personaxe é consciente dos acontecementos políticos e das consecuencias da guerra, e por iso se revira coma unha cobra, para responderlle a seu pai cando fala de cousas tan triviais coma os alimentos:

Ma Michele, d'improvviso, montò in collera e, rivoltandosi come una vipera, gridò: «Va bene e di che parleremo? Di quello che faremo quando saranno arrivati gli inglesi? (p. 259).

Nas similitudes, como se pode ver, fálase de animais sen entrar a miúdo nas particularidades das razas e das especies, evidenciando soamente as varias características da animalidade e do salvaxe, como a velocidade cando escapan. Este é o caso das dúas seguintes comparacións, nas que uns seres humanos son parangonados na súa maneira de fuxir coas lebres:

Ormai tedeschi e fascisti scappavano come lepri (p. 32).

Vidi due o tre di quei giovanotti correre giù per le macere, quasi volando dietro il vecchio Vincenzo il quale correva anche lui come una lepre (p. 183).

Comparacións con cousas

É o grupo máis importante dende o punto de vista cuantitativo, pero é tamén o máis variado xa que inclúe comparacións con todo tipo de obxectos concretos e abstractos.

É moi numeroso un grupo de comparacións nas que o aspecto e trazos físicos dos personaxes son parangonados cos máis diversos obxectos.

No seu afán de precisión Moravia compara a faciana enrugada e encolleita dun home coa castaña seca:

Uno era un mezzo storto, con la testa calva e il viso rattappito come una castagna secca (p. 66).

A palidez da fronte é comparada co marfil:

Era un uomo sui cinquant'anni, corpacciuto, calvo, con la fronte pallida e lucida come l'avorio circondata da tanti capelli neri (p. 235).

A boca, os ollos e mailo cabelo son, igualmente, obxecto de parangón:

La boca simile ad un taglio (p. 86).

Gli occhi gli si accendevano sotto le sopracciglia come due pezzi di carbonella sotto le ceneri (p. 37).

I capelli neri che mi crescevano fin quasi sugli occhi, stretti in due trecce fitte fitte simili a corde (p. 5).

Os contrastes cromáticos branco e negro o escritor romano recorre igualmente nas descrições físicas dos personaxes. A cor dos ollos é parangonada co carbón e a palidez da cara coa brancura do papel:

Uno era moro, alto, con la pelle scura, il viso rotondo, gli occhi neri come il carbone (p. 211).

Il sergente era più giovane: ci aveva la testa bionda rapata, il viso bianco come carta, gli occhi di un azzurro slavato (p. 224).

Destacaremos igualmente as comparacións con metais e minerais. Son especialmente abundantes os parangóns co ouro.

Na primeira á que nos imos referir compárase o brillo do sol con este metal:

Il sole brillò ad un tratto, chiaro come l'oro (p. 74).

Igualmente exacto e colorido é o seguinte parangón:

Il cielo si faceva gradualmente rosa all'orizzonte e azzurro sopra le nostre teste, e col primo raggio di sole che sprizzava dietro una di quelle montagne, acuto e scintillante come una freccia d'oro, tutti i colori saltavano fuori (p. 203).

A cor do cabelo tamén é parangonada con este metal:

Era biondo come l'oro (p. 231).

A guerra aparece de novo na seguinte similitude, na que o escritor romano parangona a cor dos avións coa prata:

Guarda, gli aeroplani. Si vedeva, infatti, nel cielo luminoso, la squadriglia bianca come argento, ordinata in tre file (p. 193).

Tamén bastante frecuentes son as comparacións que fan referencia ós fenómenos atmosféricos coma o trono e ós elementos da Natureza coma o lume.

Moravia parangona as explosións dos canóns co trono:

Quelle esplosioni mi parevano non di cannoni ma di qualche forza naturale come il tuono o la valanga (p. 320).

A cor vermella dos raposos é parangonada co lume:

Cercava di prendere con le tagliole le volpi di quelle parti, piccole e rosse come il fuoco (p. 256).

A continuación imos destacar pola súa precisión tres comparacións rexistradas. Nas dúas primeiras o tema da guerra está de novo presente. Na primeira delas unha labarada provocada por un avión de combate vén posta en relación cunha bufanda axitada polo vento nun ceo azul:

Il secondo aeroplano dell'ultimo gruppo diede una gran fiammata rossa, simile ad una sciarpa sventolante nel cielo azzurro (p. 190).

Na segunda a continua caída das bombas é parangonada coa caída dos froitos maduros:

Intanto le bombe continuavano a cadere come frutti maturi da un albero se lo si scuote (p. 189).

Na terceira o sono pleno e gozado ponse en relación co sabor do pan feito na casa:

Era un sonno buono, denso e pieno, saporito come il pane fatto in casa (p. 119).

Os seguintes exemplos poden servir para corroborar o que xa dixemos ó primeiro, é dicir, o importante lugar que ocupa a comparación dentro da obra moraviana. O uso da comparación é constante ata o punto de que nunha mesma páxina podemos atopar varias. Todas elas aluden ó sacrificio dunha cabra:

Prese una delle zampe anteriori e tagliò lo zampetto, come se uno tagliasse una mano al polso... la pelle della capra è attaccata alla carne appena con dei filamenti e non ci vuol niente a staccarla, come un foglio male incollato... si mise lo zampetto in bocca, come uno zufolo... alla fine la capra penzolò tra i due pali, gonfia come un otre... era veramente una cosa strana vedere come il cuoio veniva via facilmente, simile ad un guanto che si sfili dalla mano... tolse via tutta la pelle e poi la gettò in terra, pelosa e sanguinolenta, simile ad un vestito smesso (p. 180).

Ímonos referir agora a unha comparación moi expresiva onde se parangona unha vida desfeita e rota cunha caixa que cae dun carro ciscando o contido pola rúa:

Mi pareva insomma che la vita si fosse sgangherata come una cassa che casca già da un carretto e si sfascia e tutta la roba si sparge per la strada (p. 26).

Aquí Moravia podería ter reducido o símil á primeira frase, pero o escritor romano desenvolve a imaxe¹³.

E xa para concluír este apartado imos facer referencia a unha comparación na que o termo iluminante aparece cualificado e polo tanto máis reducido e concreto:

Dormimmo forse mezz'ora perché ci eravamo levate col giorno e già il sonno ci era tornato indietro, annebbiandoci la testa, come il vino quando si beve a digiuno (p. 82).

Comparacións obtidas por procedementos de tipo semántico

Imos analizar agora a comparación por procedementos semánticos, é dicir, non cos termos gramaticais *come*, *quanto*, senón mediante outros procedementos que indican similitude. Este recurso é moi abondoso na obra analizada.

O escritor romano sérvese, fundamentalmente, do verbo *parere*. Algúns dos achados son realmente sorprendentes:

Tutte le strade erano vuote, con l'aria grigia in fondo alle strade che pareva il vapore del bucato quando i panni sono molto sporchi (p. 39).

O nexo é sempre o mesmo, o verbo *parere* constitúe a ponte necesaria para a comparación que Moravia utiliza:

Trovavamo Michele, piccoletto, tutto infangottato di maglie e maglioni, con un bastone in mano che pareva un nano della favola, di quelli che vivono nelle caverne a guardia dei tesori (p. 203).

Particularmente viva e colorida é a seguinte similitude, onde a guerra e mailo fascismo se fan de novo patentes. Nesta ocasión a cruz gammada dos nazis é posta en relación cun insecto que corre a catro patas:

A sinistra i nazisti, come li avevo veduti a Roma, con le camicie gialle, il bracciale rosso con quella croce nera che pareva un insettaccio che corresse con le quattro zampe (p. 321).

Os animais tamén serven para clarificar actitudes e predisposicións humanas:

Pareva un cane e ci aveva il viso di cane. Tutto naso, gli occhi quasi gialli ravvicinati, senza ciglia né sopracciglia (p. 236).

13. Estas imaxes desenvolvidas atopámolas en moitas ocasións. Vexamos agora outro exemplo: «In quella luce grigia si vedeva tutto il quadrivio, come una scena di teatro vuota, dopo che gli attori se ne sono andati» (p. 39).

Permanecendo no ámbito da observación animal destacaremos outra comparación cunha determinada raza de cans, os cans pastores. Aquí Moravia afonda na idea e precísaa con maior nitidez:

Sgattaiolavano motociclette con uno o due motocicliste tutti vestiti di cuoio, e questi erano i soli che andassero in fretta e potessero correre e parevano tanti cani pastori che si agitassero intorno a un enorme gregge lento e pigro (p. 308).

Outros verbos tamén serven para introducir a comparación por medios léxicos. Así, pois, os verbos *sembrare* e *rassomigliare* permanecen utilizados con bastante frecuencia.

Destacaremos en primeiro lugar unha similitude onde Moravia, no seu afán de exactitude, describe a un personaxe parangonándoo cun xudeu errante:

Sempre con la barba lunga, sempre con i pantaloni rimboccati e stracciati, sempre con le scarpe cariche di fango, che sembrava proprio l'ebreo errante (p. 192).

Otra comparación tamén corrente, pero non por iso menos exacta, é a seguinte onde Moravia compara a beleza de Rosetta cunha estatua de mármore:

Era veramente bella, sembrava una statua, di quelle di marmo bianco che si vedono a Roma nei giardini pubblici (p. 166).

Concreta e precisa é, igualmente, a seguinte similitude, na que se describe a un fascista, con toda precisión de detalles. Nesta ocasión os bigotes negros deste sinistro personaxe pónñe en relación con algo tan concreto como pode ser un cepillo de dentes:

Accanto a lui c'era quell'altro disgraziato e figlio di mignotta del suo amico Hitler, con quella faccia di iettatore e di cornuto, con quei baffetti neri che sembravano uno spazzolino da denti (p. 320).

O verbo *rassomigliare* tamén introduce logradas comparacións. Se o paralelo entre homes e animais está cristalizado nunha larga tradición retórica e literaria, Moravia consegue atopar signos de vivacidade realista. Vexamos un exemplo:

Dagli occhi grandi, dal naso un po' lungo e dalla bocca carnosa e ripiegata sul mento che la faceva rassomigliare un poco ad una pecorella (p. 166).

A figura do hebreo atopámola de novo no seguinte exemplo. Aquí Tommasino, vítima da guerra e dos bombardeos aparece comparado no seu aspecto físico cos xudeus no *ghetto*:

Riconobbi subito Tommasino che rassomigliava tale e quale un ebreo del ghetto, con il viso lungo, la barba di una settimana (p. 78).

Conclusiones

O comezo deste traballo, adiantamos xa algunha reflexión acerca deste procedemento retórico que imos retomar agora, despois de ter analizado os diversos casos nos que Moravia se serve del.

A comparación «literaria» ou máis orixinal é abundantísima en *La ciociara*. O normal no escritor romano é o emprego de comparacións pouco correntes pero que resulten claras ó lector. Dende as primeiras liñas podemos observar a simplicidade e maila concreción das comparacións nesta obra.

Como xa dixemos con anterioridade a lingua moraviana caracterízase pola súa precisión e claridade. Se observamos unha páxina do escritor romano, imos notar axiña unha grande sinxeleza.

Na súa maior parte as comparacións en *La ciociara*, teñen como termo de referencia aspectos concretos do home, da súa vida física e as súas actividades e actitudes:

Un'altra volta ancora, vedemmo di lontano, su un sentiero che correva torno torno la montagna, una quantità de gente che camminava in fila indiana, come in processione (p. 216).

Questi giovanotti erano proprio quelli che i tedeschi cercavano perché li consideravano traditori e volevano fargli scontare il tradimento col farli lavorare come schiavi (p. 201).

Noutra boa parte das comparacións Moravia recorre a elementos comúns neste tipo de procedemento retórico: o sol, o lume, o mundo vexetal. Tamén se bota man do mundo animal, sendo bastantes os exemplos rexistrados. Destacaremos aquí unha comparación moi clara e precisa, na que se relaciona a situación de pobreza e escaseza dos italianos durante a Segunda Guerra Mundial cos animais que só teñen leite para dar ós seus fillos:

Come se quel seno nudo che lei offriva a chiunque, sulla strada maestra, fosse stato l'indizio piú chiaro della condizione in cui ci trovavamo noi altri italiani in quell'inverno del 1944: sprovvisti di tutto, come le bestie che non hanno che il latte che danno ai loro piccoli (p. 237).

Tamén Moravia con bastante intensidade vai dirixirse a unha situación ou a un determinado obxecto:

Non mangiava piú e non dormiva piú e, insomma, deperiva a vista d'occhio, sciogliendosi come una candela, ogni giorno un poco di piú (p. 197).

En moitas ocasións atopamos varias comparacións seguidas, onde poden incluso aparecer varios elementos distintos que introducen ditas comparacións.

Vexamos agora un exemplo no seguinte párrafo onde se inclúen comparacións en serie:

C'erano tante rocce ignude e ritte, di forma curiosa, simili a pan di zucchero, di un color grigio come la pelle degli elefanti, tutte sforacchiate di grotte e grotticelle; e, tra queste rupi, c'erano molti fichi d'India, con le loro foglie verdi e carnose che sembravano tante facciole gonfie e piene di spine (p. 193).

Cómpre facer fincapé no escaso número de comparacións tópicas rexistradas, sobre todo se temos en conta o número das que son construídas por Moravia e que indican unha vez máis que o rexistro léxico maioritariamente empregado nesta obra é o culto.

Dende o punto de vista gramatical o patrón máis corrente é o que emprega a fórmula *come* de nexo entre os elementos da comparación. Deste xeito o escritor romano pode destacar mellor o que pretende. Son tamén frecuentes, aínda que menos abundantes cás mencionadas, as comparacións introducidas por *simile*. Só rexistramos uns cantos casos introducidos por *quanto*:

C'erano tanti proiettili di ottone lunghi quanto il mio dito mignolo (p. 75).

Benché fosse buono quanto un santo (p. 394).

Menos frecuentes son os casos onde aparecen os dous termos da comparación *cosí...come*:

Quella morte cosí crudele e cosí amara mi era rimasta confitta nel cuore come una spina (p. 393).

Xunto a estes recursos morfosintácticos o escritor romano sérvese da comparación obtida por procedementos de tipo semántico, é dicir, non coas estruturas de tipo comparativo do estilo *come*, *quanto*, etc., senón termos diversos que ofrecen a idea de similitude. Moravia en *La ciociara* emprega os verbos *parere*, *sembrare* e *rassomigliare* para sinalar a comparación por medios léxicos. Este procedemento, como xa dixemos, é menos empregado cós outros na obra analizada.

E xa para rematar, se a comparación en Moravia é tan frecuente, se os elementos da comparación son tan heteroxéneos, podemos tirar como conclusión que é unha característica esencial da lingua de *La ciociara*. Ademais, o emprego tan frecuente de similitudes, caracterizadas pola presenza de *parere*, *come*, *simile a*, sinala a intervención directa do autor na estrutura narrativa¹⁴.

María Montes
Universidade de Santiago de Compostela

14. V. P. V. Mengaldo, *Profili linguistici di prosatori contemporanei*, Padova: Liviana Editrice, 1973, p. 28.